

Orde do 9 de novembro de 2023 pola que se modifica a Orde do 8 de xuño de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións destinadas á realización de programas de estancias formativas en entidades e empresas vinculadas a sectores económicos estratéxicos de Galicia, destinados ás persoas mozas rexistradas e beneficiarias do Sistema nacional de garantía xuvenil no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, cofinanciados polo Fondo Social Europeo, Programa operativo de emprego xuvenil, e procédese á súa convocatoria para o ano 2023 (programa Xuventude Mentoring na empresa, código de procedemento BS324D).

TEXTO

O 21 de xuño de 2023 publicouse no *Diario Oficial de Galicia*, Núm. 117, a Orde do 8 de xuño de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións destinadas á realización de programas de estancias formativas en entidades e empresas vinculadas a sectores económicos estratéxicos de Galicia, destinados ás persoas mozas rexistradas e beneficiarias do Sistema nacional de garantía xuvenil no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, cofinanciados polo Fondo Social Europeo, Programa operativo de emprego xuvenil, e procédese á súa convocatoria para o ano 2023 (programa Xuventude Mentoring na empresa, código de procedemento BS324D).

Esta orde establece o procedemento de concesión de subvencións para a posta en marcha de programas de estancias formativas para persoas mozas en empresas ou entidades públicas ou privadas, vinculadas a sectores económicos estratéxicos de Galicia. Concretamente no artigo 5 establece un período de realización de estancias formativas nas entidades ou empresas de 3 meses consecutivos, excepto causa xustificada.

Tendo en conta a data de publicación da orde e á vista dos prazos de aceptación da axuda e de presentación de documentación por parte das entidades beneficiarias, resultou oportuno facer unha ampliación do prazo máximo establecido para a finalización das estadías formativas, que

se estendeu desde o 31 de outubro de 2023 ata o 15 de novembro de 2023 en virtude da Orde do 18 de xullo de 2023 pola que se modifica a Orde do 8 de xuño de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións destinadas á realización de programas de estadías formativas en entidades e empresas vinculadas a sectores económicos estratéxicos de Galicia, destinados ás persoas mozas inscritas e beneficiarias do Sistema nacional de garantía xuvenil no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, cofinanciados polo Fondo Social Europeo, Programa operativo de emprego xuvenil, e se procede á súa convocatoria para o ano 2023 (programa Xuventude Mentoring na empresa, código de procedemento BS324D), publicada no *Diario Oficial de Galicia* Núm.139, venres, 21 de xullo de 2023).

Tras a resolución definitiva de concesión das subvencións, que foi publicada no *Diario Oficial de Galicia* Núm. 155 do 17 de agosto de 2023, as entidades beneficiarias tiveron que publicar as súas respectivas convocatorias e foi preciso comprobar o cumprimento dos requisitos de cada un dos participantes seleccionados así como revisar a documentación aportada polas persoas beneficiarias. Considerando a complexidade da xestión da tramitación, enténdese que concorren circunstancias suficientes que aconsellan facer unha nova ampliación do prazo das estadías formativas ata o 15 de decembro de 2023.

Consecuentemente co anterior cómpre a ampliación do período de subvencionalidade dos gastos e a data de xustificación da subvención que tiña como data límite o 20 de novembro de 2023 ata o 20 de decembro de 2023.

Esta ampliación do prazo está amparada no artigo 45.3 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, segundo o cal o órgano concedente da subvención poderá outorgar, salvo precepto en contra contido nas bases reguladoras, unha ampliación do prazo establecido para a presentación da xustificación, que non exceda a metade deste e sempre que con iso non se prexudiquen dereitos de terceiros.

Estas modificacións non supoñen a apertura dun novo prazo de presentación de solicitudes.

Na súa virtude, en uso das facultades que me confire o artigo 34.6 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, desenvolvida polo Decreto 59/2023, do 14 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, o Decreto 79/2023, do 22 de xuño, polo que se fixa a estrutura orgánica das vicepresidencias e das consellerías da Xunta de Galicia e o Decreto 124/2022, do 23 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Xuventude,

RESOLVO:

Artigo único. *Modificación da Orde do 8 de xuño de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións destinadas á realización de programas de estancias formativas en entidades e empresas vinculadas a sectores económicos estratéxicos de Galicia, destinados ás persoas mozas rexistradas e beneficiarias do Sistema nacional de garantía xuvenil no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, cofinanciados polo Fondo Social Europeo, Programa operativo de emprego xuvenil, e procédese á súa convocatoria para o ano 2023 (programa Xuventude Mentoring na empresa, código de procedemento BS324D)*

A Orde do 8 de xuño de 2023 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións destinadas á realización de programas de estancias formativas en entidades e empresas vinculadas a sectores económicos estratéxicos de Galicia, destinados ás persoas mozas rexistradas e beneficiarias do Sistema nacional de garantía xuvenil no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, cofinanciados polo Fondo Social Europeo, Programa operativo de emprego xuvenil, e procédese á súa convocatoria para o ano 2023 (programa Xuventude Mentoring na empresa, código de procedemento BS324D) queda redactada como segue:

Un. A letra c) do número 1 do artigo 5, relativo á duración e características das estancias formativas queda redactado como segue:

"c) As estancias formativas poderán comezar a partir do día seguinte á publicación da resolución de concesión das subvencións e unha vez aceptada esta e finalizado o proceso de selección das persoas mozas participantes de acordo con o establecido nos artigos 22 e 23 desta orde. Deberán finalizar, como data límite, o 15 de decembro de 2023.

O tempo de interrupción, establecido na letra b), quedaría excluído do período de estadias formativas e non xera ningún dereito económico para as persoas beneficiarias."

Dous. O número 2 do artigo 7, relativo ao período de subvencionalidade dos gastos, queda redactado como segue:

"2. O período de subvencionabilidade de ditos gastos será desde o día seguinte ao da publicación das bases reguladoras ata o 20 decembro de 2023.

Cando formen parte da conta xustificativa documentos de gastos, xerados dentro do período subvencionable, de nóminas ou que comporten ingresos a conta do IRPF ou cotas por seguros sociais liquidables con posterioridade á data de xustificación, o importe destes ingresos ou cotas considérase xustificado coa presentación do documento de gasto, factura ou documento equivalente, en que se reflicta o importe da retención ou cotización devengados na data de xustificación, as entidades beneficiarias quedan obrigadas a presentar os documentos acreditativos da súa liquidación nos dez días seguintes ao final dos prazos legalmente establecidos para o seu ingreso en período voluntario."

Tres. O número 3 do artigo 24, relativo á data límite de xustificación da subvención, queda redactado como segue:

"3. Establécese como data límite de xustificación da subvención concedida o 20 de decembro de 2023."

Catro.- Modifícase o anexo IV relativo ao acordo das entidades beneficiarias coas empresas/entidades para a realización das estancias formativas no que se refire á data límite para realización das ditas estancias, que será o 15 de decembro de 2023.

Disposición adicional única. *Presentación de solicitudes e disposición dos anexos*

A publicación desta orde non supón a apertura dun novo prazo de presentación de solicitudes.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor*

Esta orde entrará en vigor ao día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 9 de novembro de 2023

Fabiola García Martínez

Conselleira de Política Social e

Xuventude